

FESTIVIDADES RELIXIOSAS E PROFANAS NO VAL DE LOURENZÁ (LUGO)

Publicado en “Tempos de Festa en Galicia”. T.II. Fundación Caixa Galicia. 2008-

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS.

O Concello de Lourenzá, que forma parte da Mariña central, amosa un bonito val ao norte da provincia de Lugo. Ocupa unha extensión de case sesenta e tres quilómetros cadrados e limita cos municipios lucenses de Foz, ao norte, Riotorto, ao sur, Barreiros e Trabada, ao este, e Mondoñedo, ao oeste. A súa espléndida valgada abrangue desde as abas do Padornelo ata as da Cadeira, e desde as da Corneira e Curros ata as da pena do Porco e a Fraga.

Posúe o municipio tres zonas claramente delimitadas: unha de suaves pendentes; outra de ladeiras máis pronunciadas, entre os douscentos e trescentos metros de desnivel; e outra de maiores altitudes, que oscila entre os trescentos e catrocentos metros. O clima é de tipo oceánico húmido, con abundantes precipitacións e temperaturas suaves. No corazón da planicie xorde a viliña de Vilanova de Lourenzá nun sorprendente contorno, só comparable ao da veciña cidade de Mondoñedo, tal como se evoca desde o campo da Gracia nesta vella cantiga popular:

*Mondoñedo está nun baixo,
Vilanova nun baixiño,
Nosa Señora da Gracia,
mesmo á beira do camiño.*

Demograficamente, a poboación do municipio minguou desde os comezos do século XX, cando posuía uns cinco mil habitantes. Ese descenso debeuse, en gran medida, aos movementos migratorios cara ao exterior, nun primeiro momento á

América, logo, a Europa e, tamén, ás comunidades españolas de máis industria. No ano 2004, o concello tiña unha poboación de 2.699 almas, distribuídas en catro parroquias, do seguinte xeito: Santa María, que acolle Vilanova, con 1297; San Xurxo, 349; Santo Tomé, 488, e Santo Adrao, 565.

As orixes do poboamento están ligadas aos castros existentes na demarcación municipal. Non en balde nas parroquias de Santa María, Santo Tomé e San Xurxo hai lugares que reciben o nome de Castro. De todos os xeitos, a partir do século X, estas terras incorpóranse plenamente ao devir histórico grazas a D. Osorio Gutiérrez, máis coñecido como o *Conde Santo*, conforme refire en literaria evocación o fillo ilustre da vila Francisco Fernández del Riego, coñecido tamén polo pseudónimo de Salvador de Lorenzana:

Nos tempos medievais, os borboriños do vento soaban aquí, doces, aflautados, nas ponlas dos salgueiros e dos lamigueiros. Un conde, Osorio Gutiérrez, amaba estas terras cereais e moles, as ondas quedas e ergueitas, como costas de xigante, das sinclinais que rondan o val. Alén do horizonte, vivían os páramos, os coiñais, que taipaban a beleza rítmica dun verde renovo. Polas vertentes da mar veciña, ata as ribeiras do Masma, abriran ameaza outrora as naos viquingas de tallamares historiados e tremelantes mascaróns. Desde a veiga monsdumiense aos vales do Ouro e de Lourenzá, desde o berce dos regueiros deica a orla costeira, o mosteiro nacía aos albores dunha vida creadora. Un inmenso concertante subía desde os sulcos, dos arboredos e das foces, cando a terra aquela era unha morada para o espírito, e valía o que non valían outros verxeis.

Xa no tempo presente, cómpre resaltar que a economía do municipio se basea en actividades de índole agropecuaria, destacando en tres subsectores: a agricultura, a gandería e a explotación forestal. No ámbito agrario dáse ben o policultivo intensivo, debido á fertilidade da terra e á concentración parcelaria, que permitiu unha produción máis variada e mesta. En canto a gandería destaca, sobre todo, no vacún e o porcino. Así mesmo, a riqueza forestal xerou unha potente industria de transformación, pois proporciona importante materia prima para o seu posterior aproveitamento en serradoiros e fábricas de mobles.

En canto ao sector secundario, a poboación activa (12 %) aglutínase na transformación madeireira e láctea, e en certas industrias extractivas. Os servizos

localízanse en Vilanova de Lourenzá, a capital do concello, onde se emprazan os centros administrativos, sanitarios e comerciais. Estes últimos reflíctense claramente nos mercados e feiras, que se celebran os días 9 e 28 de cada mes.

II. A FESTIVIDADE DO CONDE SANTO.

1. REFERENCIAS BIOGRÁFICAS DO CONDE

D. Osorio Gutiérrez, coñecido como o *Conde Santo*, señor da terra de Campos e de Galicia, foi fillo de Gutiérrez e Aldonza, curmán do rei Ordoño de León, quen lle outorgou mercés, e tamén do bispo e abade san Rosendo. Casara con D.^a Urraca Núñez, filla de Nuno Osorio, da que tivo dous fillos e unha filla. O padre Flórez supón que unha parte da facenda do Conde Santo veu herdada da súa familia e outra, menos relevante, da estimación real polas súas campañas contra os mouros.

O certo é que un bo día don Osorio chegou a Lourenzá, onde viviu con mesura, tentando remediar as necesidades dos pobres e atender os doentes da zona. Daquela, fundou inicialmente en Vilanova o mosteiro beneditino de San Salvador, que dotou de importantes bens, por escritura datada o 17 de xuño do ano 969, concedéndolle, entre outros dominios, os mosteiros de Santo Adrao de Lourenzá, de Santa María Maior de Mondoñedo, Santa Cruz de Valadouro e mais as igrexas de San Xurxo e San Tomé de Lourenzá, San Salvador da Pastoriza, Santa Cristina de Celeiro, San Xusto de Cabarcos e a ermida de San Cosme en Argomoso. Con todo, ao producirse o pasamento da súa dona, o conde buscou o illamento e a soidade no propio cenobio da súa fundación, onde tomou os hábitos de leigo. E denantes de ingresar no mosteiro pediu perdón aos seus criados e vasalos e escribiu ao rei para que soubese dos seus méritos.

Xa cos hábitos foi tan humilde e entregado aos demais que —segundo o padre Flórez— varría case sempre a igrexa e o claustro; preocupábase de todos os oficios da igrexa; servía toda a mesa conventual e, ao rematar a comida, collía o pan e o viño, que sobrara, e dáballos aos pobres. Así mesmo era moi caritativo cos orfos e estranxeiros.

2. A LENDA SOBRE O SARTEGO.

Conta a tradición que na última etapa da súa vida don Osorio Gutiérrez levou a cabo unha viaxe a Terra Santa, onde adquiriu un sarcófago paleocristián que trouxo ata Vilanova coa finalidade de que fose a súa última morada. A lenda espallada pola comarca así o refire:

Na última etapa da súa vida, o conde Osorio, acompañado por algunhas persoas, marchou en peregrinación a Xerusalén, onde mercou un sartego por cincocentos siclos de ouro. Como sinal de dominio realizou un burato na cara inferior do sarcófago co seu bordón de peregrino. Logo solicitou a axuda dos que o labraran para baixalo ao porto, onde lles pediu que o botasen ao mar, contemplando atónitos, árabes e cristiáns, como o sartego navegaba sobre as augas.

O conde encomendoullo á divina Providencia e, ao terceiro día de ocorrer ao feito, soubo por unha revelación divina que o seu sartego chegara ao porto de Moreda, situado no bispado de San Martiño de Mondoñedo.

Transcorrido case un ano da súa viaxe, o conde Osorio chegou a Lourenzá, onde lle dixeron que, había tempo, arribara ao porto de Moreda un bonito sarcófago e que o bispo da diocese quixera quedar con el mais non puidera.

Ante esta noticia, o conde, acompañado do abade do mosteiro e doutros monxes, foi velo, comprobando in situ que era o que mercara en Xerusalén.

Por tal motivo, mandou que un labrador trouxese unha xunta de bois co seu carro para transportalo ao mosteiro. Este traslado levouse a cabo no mesmo día e con pouco traballo. O feito foi contemplado por moitos lugareños, que estaban situados á beira dos camiños.

De todos os xeitos, segundo Santos San Cristóbal, o sartego, de recoñecibles trazas paleocristiás, é do século III e a súa tapa probablemente do V. Díciase que viñera de Aquitania (Francia), onde o mercara o conde Osorio no século X.

Unha vez morto o conde, non foi inusitado que o pobo o venerase, aínda que non estivese beatificado nin canonizado. Por iso o seu culto, estendido sobre todo pola Mariña e as terras mindonienses do sur, quedou limitado á igrexa do mosteiro de Lourenzá.

Non obstante, a comunidade de monxes beneditinos, que ata as desamortizacións do XIX permaneceu no cenobio de San Salvador, quixo conseguir no seu momento a canonización do conde Osorio, aínda que o expediente non chegou a prosperar debido ao enigma que rodeaba e segue envolvendo os derradeiros anos da súa vida, así como a data descoñecida do seu pasamento. Malia isto, tamén a finais do segundo terzo do século XX a diocese de Mondoñedo tentou de novo que o conde Osorio fose canonizado para, dese xeito, poder aumentar o seu culto.

3. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

COORDENADAS U.T.M.

X: 637.663

Y: 4.814.501

Os fieis, cando van venerar o Conde Santo, encóntranse cunha espléndida fachada barroca deseñada polo arquitecto Casas Novoa, que anos despois habería de proxectar a do Obradoiro na catedral de Santiago. O templo de Lourenzá ten dúas torres: a da dereita só conserva o primeiro corpo, a da esquerda, en cambio, érguese completa e presenta tres seccións con semipilastras dóricas. Entre ambas as dúas hai un magnífico retablo de pedra calcaria tallada con catro corpos, nos que se mostran as esculturas da Asunción da Virxe, San Bento, o Conde Santo vestido de peregrino e o Salvador.

Tras pasando tan fermosa fachada os romeiros entran na igrexa monástica —hoxe en día parroquial— cuxas obras se iniciaron no ano 1732 e se prolongaron ao longo de todo o século XVIII. O templo está distribuído en tres naves, separadas por pilastras dóricas das que xorden arcos faxóns. A cobertura da nave maior, do presbiterio e dos brazos do transepto é de bóveda de canón con lunetos. As naves laterais sosteñen bóvedas de arestas, e o centro do cruceiro cóbrese cunha gran cúpula de media laranxa con lanterna.

No presbiterio destaca o retablo maior, neoclásico, deseñado por Ventura Rodríguez no ano 1766. Nas capelas absidais álzanse dous retablos neoclásicos. No brazo dereito do cruceiro hai así mesmo un altar neoclásico e, no esquerdo, un barroco. Ademais na nave lateral dereita móstranse un retablo renacentista e dous barrocos, e na esquerda hai un neorrománico de comezos do XX.

Os fieis, procedentes de diferentes parroquias do concello, adoitan visitar a igrexa a modiño nos días de festa do Conde Santo, que se celebra o último fin de semana de agosto. Asisten alí á misa solemne e, a seguir, acompañados do párroco van venerar o fundador do mosteiro á capela anexa de Valdeflores, ergueita na segunda metade do século XVII para albergar expresamente o mesmo sarcófago paleocristián de mármore que el escollera en Terra Santa como última morada, segundo a xa aludida lenda.

Ese antigo sartego amosa unha decoración de trinta e tres *estrigiles*, que configuran unha especie de cepillo con acanaladuras en forma de S ou de xugo. No centro delas represéntase un crismón, ou monograma de Cristo coas letras gregas enlazadas de χ e ρ , rodeado de tres láureas estilizadas, enmarcadas en dúas molduras de media cana. No interior do sepulcro, nunha caixa de madeira de sándalo, conservábanse os osos do conde Osorio Gutiérrez e mais os dun fillo seu, exhumados en 1968 ante a presenza das autoridades e dun notario eclesiástico.

A ambos os dous lados da sepultura hai dous pequenos retablos barrocos dourados con tallas de madeira, que representan dúas santas abadesas beneditinas. Baixo o retablo dereito lese a seguinte inscrición: «Aquí yacen los huesos de los Señores y descendientes de Nuestro Patrón el Conde Don Osorio Gutiérrez». E no do lado esquerdo, hai outra para indicar o enterramento da irmá: «Aquí yacen los huesos de Doña Urraca, Hermana del Conde Santo».

En boa medida, tan prezado sarcófago vén ser o reflexo dunha sociedade a cuxo sector máis elevado pertencía Osorio; un claro expoñente dos dereitos sobre as persoas, a terra e os bens, conforme antigas normas de xerarquización e vasalaxe, que traerían como consecuencia, a partir do século XVI, a singular ofrenda do paxaro *rei charlo* ao abade do mosteiro.

OS DO PAXARO

Dende o século XVI, os veciños de Vilanova son coñecidos como os do Paxaro, en relación coa vasalaxe que lle ofrecían ó abade do mosteiro o primeiro día de cada ano, cando se reunían os alcaldes ordinarios cos escribáns de número. Na compañía dos habitantes do lugar dirixíanse á cela do padre, levando un paxariño, ó que denominaban rei charlo. Portábano preso cunha fita nunha lanza e esta a ombreiros de dous veciños elixidos polos alcaldes e entregábanllo ó monxe superior baixo a seguinte fórmula: «Señor, os ofrecemos este pájaro en señal de vasallaje», que este recibía de mans do rexedor de fidalgos e, finalmente, mediante o ritual de cortarlle algunhas plumas deixábano en liberdade. Despois, procedíase á elección dos alcaldes anuais, a cal se lle transmitía ó relixioso para que a confirmase. En caso contrario este decretaba: «No viene en forma». Ordenábaselles entón que realizasen nova escolla, que «facéndolla de suxeitos timoratos, a firmaba e confirmaba, mandando que fixesen a xura en mans da xustiza maior e que as tivesen por tales, con obriga

a darlle residencia o xuíz que sinalase o abade. No caso de que non cumprisen con esta cerimonia o Día establecido por non poder cazalo tiñan obrigación con este recoñecemento o día de Reis, [baixo] pena de certa cantidade de maravedís que pagaban se había falta na súa execución».

(Da voz «Lourenzó» na Gran enciclopedia galega, tomo XXVI)

4. A DEVOCIÓN POPULAR.

Dentro xa da capela os romeiros realizan os seguintes rituais. En primeiro lugar, desde unha ringleira, situada á dereita do recinto, dispóñense a tocar coas súas mans o con panos diferentes partes do sarcófago. Ademais, introducen un dos seus dedos nun oco situado na parte inferior dereita do mesmo sartego. Logo, nun altar ergueito fronte á sepultura do Conde Santo, un fregués pon a imaxe do san Bento por riba da cabeza dos fieis, pronunciando a seguinte xaculatoria:

Cristo vive,

Cristo reina,

Cristo te libre de todo mal. Amén.

El Conde Santo bendito,

te libre de enfermidad,

te dé la sanidad,

por el poder que Dios tiene. Amén.

É mester dicir que o conde Osorio non ten imaxe da súa representación no interior do templo, xa que non foi nomeado santo oficialmente, aínda que no ámbito popular fose recoñecido con ese atributo.

A capela de Valdeflores comunica co claustro, rematado no ano 1786, onde se encontra o pozo do santo. Antano, as súas augas utilizábanas os devotos na procura de remedios para as súas doenzas.

5. OS MILAGRES DO CONDE SANTO.

Nun manuscrito datado en setembro do ano 1879 para don Alonso de Osorio, marqués de Astorga e conde de Trastámara, relaciónase con todo luxo de detalles o testamento do Conde Santo, a súa vida e xenealoxía, así como dezasete dos milagres que se lle atribuíron.

Entre os portentos que relata ese documento figura o da resurrección dun mozo do lugar de Bolaño (Castroverde), que morrera afogado a comezos do século XI. Daquela os pais do rapaz, que o sacaran do río xa sen vida, levárono inmediatamente perante o seu tío, que era monxe e un gran devoto do Conde Santo. Logo de celebrar unha misa polo mozo, desprazáronse á vila de Lourenzá, a onde transportaron o corpo do finado, para depositalo baixo o sarcófago do mosteiro. A seguir o frade celebrou alí outra misa e elevou as súas pregarías ao venerado fundador daquel cenobio. Ao rematar as oracións o defunto comezou a falar, quedando todos atónitos ante esa situación. A partir dese momento, o mozo resucitado gardou gran devoción ao Conde Santo, asistindo todos os anos á súa festa.

Tamén se conta nese escrito que, antano, algúns devotos adoitaban levar persoas consideradas endemoñadas ao sarteiro de Lourenzá. Ao chegaren á igrexa monacal poñían os enfermos posuídos baixo aquel sarcófago mentres pregaban a intercesión do santo e, así, algúns sandaban e ían, alegres e satisfeitos, para as súas casas.

Outro prodixio refírese a unha parturiente con dificultades para ter o seu fillo. Era unha muller nobre do bispado de Astorga; sufría importantes complicacións por mor dun embarazo anormal. Por tal motivo prometeu ao Conde Santo que se o parto era bo, ofreceríalle o seu froito a Deus, fose neno ou nena. As pregarías daquela nai foron atendidas e, logo de bastantes sufrimentos, deu a luz un varón, que mandou educar para monxe. Pasado o tempo aquel neno chegou a ser abade do mosteiro de San Salvador de Lourenzá, e a muller deu grazas a Deus por tan grande honra. Segundo a narración, a humildade e santidade daquel prior foi tan sublime, que os bens que a súa nai depositaba no mosteiro el repartíaos entre os pobres.

6. ORGANIZACIÓN DA FESTA

Unha comisión encárgase de planificar os diferentes actos da festa, tanto os relixiosos como os profanos. Con respecto aos primeiros, os comisionados póñense en contacto co párroco da vila para organizar os diferentes oficios e rituais, así como á visita ao sepulcro do Conde Santo. En canto á dimensión profana, cómpre destacar que

en 2005 a maior parte do presuposto se dedicou á contratación de diversas orquestras, que amenizaron as verbenas, ademais de traer grupos de danza e folk que ofreceron un grande espectáculo. O resto repartiuse noutras actividades, como concertos dalgunha banda de música, pasacalles a cargo de charangas e grupos de gaitas, competicións deportivas, organización dunha festa infantil, etc. Con todo, no ano 2006 estas tradicionais conmemoracións —sinaladas no calendario para o último fin de semana de agosto máis o luns seguinte— estiveron a piques de se suspender. Bo foi que, cun prazo de tempo moi apurado, os veciños de Vilanova de Lourenzá se puxeron de acordo para constituír a comisión organizadora.

Un acto habitual e relevante destas festas, sobre todo polo que representan para os nenos, é a actuación dos cocos e cabezudos, que adoitan saír pola mañá e pola tarde durante os días de festexo.

Os cocos —home e muller— son unha parella de xigantóns de gran tamaño, con case 3,50 metros de altura. Os portadores que os moven no desfile —acochados dentro das súas roupaxes— deben posuír forza, resistencia e mesmo equilibrio, non só polo peso dos bonecos, senón tamén para manteren ergueitas, durante o seu transporte, as armazóns de barras interiores que os sosteñen. Fixéronse as cabezas dos cocos con engrudo e papeis de periódicos pintados; os seus brazos van articulados nos ombros; as mans lévanas cheas de serraduras cubertas con tea, e os corpos armáronse cunha estrutura de madeira para vestir. Teñen un buraco na parte central da cintura para que cada portador poida ver por onde anda.

Segundo Francisco Fernández del Riego os primeiros cocos e cabezudos foron deseñados por D. Francisco Ron Colmenero e os seus fillos a comezos do século XX. Daquela os dous xigantes tiñan un aspecto diferente aos de hoxe, xa que mentres o coco tiña os trazos dun xitano, a coca representaba unha dama con pamea. Nos anos corenta do século XX foi cando —segundo testemuñas da vila— comezaron a modificarse, aos poucos, ata teren o aspecto que amosan arestora. A parella de cocos e un grupo de cabezudos —considerados como os seus fillos— percorren as rúas da vila, acompañados dun conxunto de gaiteiros. Polas festas do Conde Santo van bailando e xirando sobre si mesmos, e os nenos que van na comitiva foxen do seu arredor para evitar os mangados dos xigantóns.

Fabulosas parellas semellantes, de colosal tamaño, animan tamén os festexos nalgunhas parroquias e vilas lucenses. Así, en Ribadeo os cocos teñen tanta popularidade, que se lles dedicaron dúas estatuas en metal, na praza de San Roque.

Tamén, na parroquia da Ermida (Quiroga), o día da festividade dos Remedios, dous xigantóns, que aquí reciben o nome de *pampónigas*, saen ao comezo da procesión, acompañando a imaxe da Virxe.

Ademais, polo Conde Santo a maioría dos actos profanos celébranse na

. E iso dá lugar a que, dalgún xeito, exista unha certa interacción entre os dous ámbitos da festa.

Cómpre salientar, finalmente, que estes festexos contaron coa evocación dun cantar popular, ben coñecido sobre todo na Mariña e nas súas terras limítrofes:

*Teño que ir ao Conde Santo,
que se fai en Vilanova;
hei de levar na cabeza,
sombreiro da nova moda.*

A cantiga ten outra variante, na que cambia o seu último verso polo de «encaixes de moda nova».

7. ILUSTRACIONES.



RITUAL DE CONTACTO COA PARTE INFERIOR DO SARTEGO E INSCRICIÓN AO FONDO NA QUE SE LEE “ AQUÍ YACEN LOS HUESOS DE LOS SEÑORES Y DESCENDIENTES DE NUESTRO PATRÓN EL CONDE DON OSORIO GUITIERREZ”



FACHADA BARROCA DA IGREXA DO MOSTEIRO DE LOURENZÁ



OS COCOS PERCORRENDO AS RÚAS DE LOURENZÁ ACOMPAÑADOS DUN GRUPO DE GAITEIROS E CATIVOS.



O POZO DO CONDE SANTO



RITUAL DE CONTACTO CO SARTEGO DO CONDE SANTO



DETALLE DOS COCOS



UNHA DEVOTA INTRODUCE UNHA ESMOLA NO INTERIOR DUNHA BOETA



DIMENSIÓN PROFANA. PRAZA NA QUE SE CELEBRAN DIFERENTES ACTOS FESTIVOS.



CARRUSEL PRÓS CATIVOS



ORQUESTRA ACTUANDO NAS FESTAS DO CONDE SANTO

III. A FESTA DA FABA.

COORDENADAS U.T.M

X: 637.663

Y: 4.814.501

1. TRAZOS XERAIS E LOCAIS SOBRE A FABA.

Unha herbácea da familia das leguminosas, a faba, conta tamén hoxe en día con festa propia ao pé do mosteiro fundado por ***D. Osorio Gutiérrez***. Produce esa planta sementes comestibles que maduran dentro do bagullo que as protexe. As súas flores posúen unha estrutura que pecha o órgano sexual feminino que, logo, se converte en legume. En Galicia coñécese tamén polo nome de feixón.

As leguminosas colleitas na Mariña lucense, e en particular no municipio de Lourenzá, presentan unha calidade relevante, porque as condicións edafolóxicas da zona, as abondosas chuvias e as temperaturas suaves destas terras son axeitadas para o seu cultivo.

A faba de Lourenzá chega ata os consumidores tras un rigoroso proceso de selección, almacenamento e conservación. Despois da colleita o produto sométese aquí a unha miúda limpeza, excluindo calquera posible corpo estraño adherido ao gran. Ademais retíranse as fabas con imperfeccións e selecciónanse polo seu tamaño. Para evitar a aparición do gurgullo e o estrago da leguminosa, introdúcense, durante corenta e oito horas como mínimo, nunha cámara frigorífica a unha temperatura inferior aos – 20° C . Unha vez superado este proceso, as fabas mantéñense a temperatura ambiente en locais axeitados, onde se conservan ata o momento do envasado.

2. OS COMEZOS DA FESTA.

O concello iniciou un proxecto de explotación e comercialización das fabas do val de Lourenzá con cursos impartidos por expertos sobre os coidados da leguminosa, para obter os mellores resultados do seu cultivo e rendemento. Unha das impulsoras deste produto foi D.^a Fe Rodríguez Rocha, ex-alcaldesa en Vilanova, quen comprobou persoalmente a calidade dese legume nunha plantación propia, que adoitaba amosar aos seus veciños para que apreciases a súa valía. E, sen dúbida, a promoción da rexedora acadou grandes éxitos, pois as fabas recollidas en Lourenzá pronto comezaron a adquirilas os asturianos para a elaboración do seu prato máis típico, ademais de requirilas nos principais mercados de España, conforme o salientado polo fillo predilecto da vila *Francisco Fernández del Riego* no pregón da festa de 1998.

“ A produción e o comercio da faba andan a esparexer polo mundo adiante o nome de Lourenzá. Distínguese a leguminosa polas características propias, defendida polo emprego das mellores técnicas. As fabas destas terras mariñas foron cobrando de a pouco ampla dimensión económica-comercial. Defíneas unha calidade singular que non poseen outras do mesmo tipo cultivadas en diferentes lugares.

Trátase de legumes moi apreciados nos mercados foráneos. Xa non só nos asturianos, que veñen consumindo a maior parte da produción galega. Tamén nos de Madrid e Barcelona, que incrementan cada vez máis a demanda. Entre as súas peculiaridades son de anotar: a inalterabilidade do formato, o tamaño máis grande do gran, a textura da pel, a cor branca e non amarela. Estas condicións singularizadoras outorgáronlles o creto do que disfrutaban, e que chegou a que fosen premiadas internacionalmente”.

(Verbas de Francisco Fernández del Riego no pregón da VIII festa da Faba, 11 de outubro de 1998)

A primeira festa da Faba organizábase en 1990 por iniciativa do consistorio, para promover e incrementar o seu consumo. Nun principio celebrábase só o primeiro domingo de outubro. Mais a partir do ano 2003, declarada xa de Interese Turístico pola Xunta de Galicia, a festa abrangue o fin de semana inicial deste mes, coa conseguinte planificación de máis actividades. Nesas datas acoden compradores, produtores e tratantes interesados polo legume, de tal sorte que as edicións adquiren cada ano un maior pulo de cara ao exterior.

Foi na festa de 2004 cando se abriu o Centro de Interpretación da Faba, promovido polo concello mediante un proxecto subvencionado polo «Plan Leader Plus Terras de Miranda», coa finalidade de dar a coñecer as propiedades da leguminosa e mais as

técnicas de cultivos tradicionais que, desde hai séculos, se veñen utilizando na Mariña lucense para a súa colleita.

2.1. AS CINCO SALAS DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABÁ.

Instalado en dependencias do antigo mosteiro beneditino de Lourenzá, o Centro de Interpretación da Faba abre as súas portas ao público durante os dous días nos que se celebra a festa. Abrangue dúas plantas, que acollen cinco zonas ou salas de exposición, dispostas pola seguinte orde:

Primeira.

Sobre a orixe e evolución da especie leguminosa arredor do mundo.

Segunda.

Sobre as condicións edafolóxicas e climáticas que posúe o val de Lourenzá para o cultivo deste legume.

Terceira.

Unha sala túnel, que mide 18 metros de lonxitude, onde se expoñen, baixo unha plataforma de vidro, os distintos instrumentos usados, desde sempre, no cultivo, recolección e procesado da faba de Lourenzá: *o fouciño*, ou ferramenta formada por un mango de madeira ao que vai suxeita unha folla de ferro curva, que se usa para segar e rozar; *a grade*, que é un bastidor de madeira configurado por traveseiros nos que se atopan os dentes para o labor de esterroar, ou desfacer terróns, despois da labranza; *a galleta*, ou apeiro agrícola cunhas gallas de ferro e un mango de madeira longo; *a hucha*, arca de madeira con tapadeira no que se gardan diferentes alimentos; *os malles ou mallos*, compostos de dúas pezas de madeira, a mangueira e a pértega, unidas por unha correa para mallar os cereais ou os legumes; *o arado*, vello instrumento fincado á man para abrir regos ou sucos na terra; *o ferrado*, ou medida de capacidade para grans, legumes e froitos secos, cuxo valor é distinto en diversos lugares de Galicia; *o cribo*, utensilio para limpar de corpos estraños os grans e as sementes; *a cesta*, ou recipiente armado con vimbios ou corizas de madeira, con asa, para transportar as colleitas.

Cuarta.

Varios equipos informáticos dispoñibles sobre o cultivo da faba e mais unha pequena biblioteca especializada sobre as leguminosas; está no primeiro andar.

Quinta.

Un espazo para proxeccións audiovisuais de índole divulgativa, en torno as técnicas máis modernas na colleita e tratamento da faba; tamén no primeiro andar.

3. DIFERENTES CALIDADES E PREZOS.

Na festa de 2005 instaláronse dez postos de fabeiros na praza do Conde Santo. A maioría deles eran das parroquias de Santa María e Santo Tomé de Lourenzá; aínda que tamén había un de Vilalba e outro do Valadouro.

Segundo *Teresa Recalde*, de Santo Tomé, os prezos das diferentes calidades de fabas por quilo foron os seguintes: faba branca de Lourenzá, curada, envasada en saquiños de 1 kg, 8 €; faba verde de Lourenzá, 5 €; faba pequena, branca, axeitada para o caldo, 3 €; faba verdiña, para acompañar ao marisco, 7,50 €; faba branca de Lourenzá, curada, sen envasar, 7,50 €. Ademais das citadas, outra vendedora da mesma parroquia puxo á venda calidades distintas, colleitas por ela, como a faba de Tolosa, a 6 €; a amarela para potaxe, a 5 €; a faba mandelín, tamén, para potaxe, a 6 €; e a negrita, de orixe cubana, axeitada para guisos, a 6 €. En todos os postos convidouse os asistentes á festa, ao mediodía, á degustación de fabas cociñadas e condimentadas de diversas maneiras.

Por outra banda a celebración non se limita dun xeito exclusivo á exaltación e comercialización da faba, pois á marxe do espazo feiral, no claustro do mosteiro instálanse postos con outros produtos para a venda, tales como pezas artesás de madeira e cestería de Lourenzá, encaixes de Camariñas, cerámicas de Pontevedra e de Barcelos (Portugal), utensilios de ferreiros de Riotorto, porcelana de Betanzos, artesanía en tea de Ferrol, pastelería de Mondoñedo...

En suma, este concello da Mariña lucense honra a faba cunha atraente festa máis aló dos ámbitos estritamente feirais. Por iso, todos os anos se pronuncia un pregón para loar o produto; animan a vila pasacalles de diversas charangas e grupos de gaiteiros; ofrécese un festival infantil con touro mecánico e inchables; hai boas actuacións

musicais e, desde hai algúns anos, convócase un concurso fotográfico e organízase unha mostra de cerámica.

4. ILUSTRACIÓNS.



DIFERENTES POSTOS DE FABAS E OUTROS PRODUTOS, COLOCADOS POLA PRAZA.



UN POSTO DE FABAS DE SANTO TOMÉ. FABAS CRISTINA



DEGUSTANDO AS FABAS NUN DOS POSTOS



DIFERENTES TIPOS DE FABAS



POSTO DE FABAS "O PONTIGO"



INTERIOR DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABA



VENDA DE FABAS NUN POSTO



DISTINTOS EXPOSITORES NO CLAUSTRO DO MOSTEIRO DE LOURENZÁ

IV. OUTRAS FESTAS NO CONCELLO DE LOURENZÁ.

1. PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE LOURENZÁ.

No barrio da Cazolga, pertencente ó concello de Lourenzá, celébrase a festividade de San Pedro Fiz o sábado e domingo posterior ó 10 de Agosto. Neses días, o párroco da freguesía oficia unha misa a unha e media da tarde e, logo, as imaxes do San Pedro Fiz e da Virxe do Pilar percorren, levadas nas andas por fieis do lugar, o perímetro da capela. Ó rematar os oficios relixiosos realízase un xantar na área recreativa, que hai a beira do río Masma. Pola noite, dúas orquestras amenizan as verbenas respectivas dábolos dous días,

No mes de outono, adoita celebrarse a festividade relixiosa do Pilar o sábado e domingo posteriores ó día 12. O párroco, en ambos os dous días, oficia unha misa e, a continuación, os fieis sacan en procesión ó redor da capela as advocacións do Pilar e de San Pedro Fiz.

Na vila de Vilanova de Lourenzá, tamén, se realiza a festividade do San Marcial, que algúns anos levouse a cabo conxuntamente coa festa da faba. No obstante, os establecementos hosteleiros da localidade comezaron a separar ambas as dúas conmemoracións por motivos económicos. Por tal motivo, no ano 2005, festexouse xa por separado o sábado e domingo seguintes á festa da faba.

En ambos os dous días, o párroco da comunidade oficiou unha misa e, ó anoitecer, dúas orquestras amenizaron, na praza do Conde Santo, as correspondentes verbenas.

2. PARROQUIA DO SAN ADRIANO DE LOURENZÁ.

2. 1. A ROMAXE DAS CRUCES.

COORDENADAS U.T.M.

X: 639.928

Y: 4.814.501

Entre os diversos festexos que se celebran no municipio destaca, polo seu peculiar ritual, a romaxe das Cruces na comunidade de Santo Adriano. Daquela, o sábado anterior ao luns de Pentecoste o cura da freguesía oficia unha misa na igrexa parroquial. Logo, acompañado dun bo número de fieis, diríxese por unha estrada local ata a capela

de Augaxosa (Riotorto). Alí vai tamén o titular da parroquia de Mouxoeira, xunto con algúns dos seus fregueses. Nesa capela, ambos os dous párrocos concelebran unha misa e, a seguir, ao pé da igrexa os romeiros reúnen-se nun xantar e nun baile.

No traxecto ata a capela o párroco do Santo Adriano encamiñase, en dúas ocasións, cara a onde se encontran as cruces, que serven de lindeiro para os concellos de Mondoñedo e Trabada, mais sen chegar ata o seu emprazamento. Realiza alí unha bendición simbólica das cruces. Logo, fai un novo alto na procesión para rezar un rosario.

2.2. A FESTIVIDADE DO SAN ADRIANO.

2.2.1. LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO.

* ECLESIAÍSTICA. Situado na freguesía do San Adriano de Lourenzá, arciprestado de Lourenzá, diocese de Mondoñedo-Ferrol.

* CIVIL. Situado na parroquia do San Adriano de Lourenzá, concello de Lourenzá, e provincia de Lugo..

COORDENADAS U.T.M.

X: 639.928

Y: 4.814.501

2.2. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

O santuario, que tamén se utiliza como igrexa parroquial, foi construído no século XVI e restaurado varias veces ao longo dos anos. Está composto dos seguintes elementos:

- 1º. Unha fachada principal, que remata nunha espadana de dous corpos e tres vans.
- 2º. De dúas naves: unha nave principal e unha nave lateral dereita, separada da anterior por arcos de medio punto.
- 3º. Unha sancristía, colocada detrás do testeiro.
- 4º. Con respecto á decoración, no presbiterio hai un retablo maior, renacentista, do século XVII, que posúe tres corpos. Nel amósanse as esculturas de Santiago e San Xoán Bautista, do século XVII; as do San Antón Abade e San Pedro, do século XVII; as de Santa María e outra cun libro nunha man e unha pomba na outra. Ao carón do presbiterio mostranse as imaxes do San Antón de Padua, de carácter popular, e a do San Miguel Arcanxo.

No lado dereito da nave, hai un retablo moderno cunha Dolorosa, do século XVIII, e unha escultura do San Antón, do século XVIII; así mesmo, manifestase un Cristo articulado, do século XVI.

No lado esquerdo, xunto ao arco triunfal, hai un retablo renacentista cunha talle de San Roque, popular. Logo, outro retablo renacentista de tres corpos, que mostra as imaxes do San Pedro e San Pablo; un neno Xesús, popular; un San Nicolás, bispo, cun neno aos seus pés, século XVIII; unha talle de Santa Lucía, do século XVI; unha Inmaculada e un Santiago, talles populares; as esculturas barrocas de Santa Marta, dun Santo Apóstolo, e de San Bartolomeu. A continuación, outro retablo barroco de dous corpos, salomónico, de finais do século XVIII, que amosa as esculturas dun Santo Apóstolo; de San Rafael con Tobías ao seu carón e o dragón; e unha Virxe do Carme, popular.

Ademais, neste templo hai unha capela dedicada á Inmaculada, que posúe un retablo barroco, de mediados do século XVIII, que mostra as talles da Inmaculada ; do San Xosé; e Santo Domingo no primeiro corpo. As esculturas dunha Virxe co Neno, do século XVI; e as de Santa Bárbara e San Pedro. Finalmente, cómpre distinguir unha cruz procesional, de estilo xónico, de principios do século XVI ¹

2.3. A PIEDADE POPULAR.

O 16 de xuño conmemórase a festividade do Santo Adriano . Desde primeiras horas da mañá dese día acoden devotos non só do Val de Lourenzá, senón tamén dos municipios colindantes de Barreiros, Mondoñedo e Trabada . Os seus pedimentos están relacionados coas doenzas humanas e dos animais. Por tal motivo, levan a cabo unha serie de promesas, que realizan denantes de que sexa concedida a petición ou ben posteriormente. Isto da lugar ao cumprimento dalgúns rituais e ofrendas, de índole oficial e, tamén, popular.

2.3.1. RITUAIS.

*** MISAS.**

Os devotos, que acoden ao santuario, andando – normalmente da vila e val de Lourenzá- ou en coche, oen unha das misas, que se ofician no santuario, ás 9,30, 11, e 13, 30; esta última, concelebrada polo párroco e outros cregos.

¹ SANTOS SAN CRISTÓBAL, **Sebastián.:** *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas; t. III, 1980, páxs. 454-455.

* PROCESIÓN ROGATIVA DO SAN ADRIANO

Trátase dunha rogación, que ten no seu percorrido tres estacións ou momentos: o inicio, no propio santuario; logo, no cume do outeiro ao carón dunha cruz; e, finalmente, xa de volta, no adro do recinto sacro. Adoita comezar ao remate da misa das 9, 30 da mañá. ***“É , segundo o párroco, unha procesión de amizade, de vecindade entre nos con San Adriano, que vai ter tres momentos: un inicio, no calvario, e ao regreso antes de comezar a misa; tres momentos para orar e rezar”***

PRIMEIRA ESTACIÓN. Ten lugar no exterior do santuario e denantes de que a procesión comece o seu percorrido.

O párroco comeza o acto pronunciando as seguintes palabras:

“No nome do Pai, e do Fillo e do E. Santo. A gracia de Xesucristo, a forza de San Adriano, estea con vosoutros.”

Logo, fai referencia ao ***Capítulo II de San Lucas***, onde nos menciona a viaxe que tiveron que realizar Xosé e María dende Nazaré a Xerusalén para empadroarse; e, tamén, ao momento no que María, encinta, deu a luz ao seu fillo primoxénito nunha corte das bestas, xa que na pousada no tiñan sitio.

A continuación dice:

“María, Xosé, Xesús, San Adriano, Santa Natalia, sufriron penurias e foron fortes e loitadores pacíficos. Que saibamos andar coa súa mesma fe de que Deus non nos abandone nos malos tragos. María e Xosé non atoparon pousada e tivo que dar a luz nun cortello e confiaron en Deus. Que tamén nos confiemos nas adversidades da vida”.

Posteriormente, reza, acompañados dos devotos asistentes ***un misterio do Rosario***. Ao rematar, a procesión inicia o seu percorrido ata o cume dun castro, onde se encontra unha cruz latina, feita de granito. Na procesión interveñen os seguintes elementos: unha cruz parroquial, levada por unha devota da freguesía; as advocacións do San Antón e do San Adriano, grande e pequeno, levadas nas andas por homes da freguesía; a continuación, o párroco; membros da orquestra e fregueses, moitos deles – preferentemente mulleres - con “velóns” acesos.

SEGUNDA ESTACIÓN. O párroco dende o cume do castro fai alusión ao seguintes contidos, de base cristián:

“ Vamos a pedir que enraice en nos a fe de Cristo como enraizou a vida humana neste castro hai milleiros de anos.”

Logo, fai alusión ao *Capítulo VIII da “Carta aos Romanos”*, dicindo:

“ Que nos podrá alonxar do amor de Cristo? Acaso a tribulación, a angustia, a persecución, a fame, o peligro ou a espada. Pero en todas estas cousas vencemos coa axuda de aquel que nos amou, porque estou seguro de que nin a morte, nin a vida, nin os anxos, nin ningún poder do presente ou do futuro podrá separarnos do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, Noso Señor”. E sigue dicindo. “ Palabra do Señor”, os fieis asistentes contestan. Amén.

A continuación fai unha serie de peticións:

“ Vamos a pedir raíces, frutos en nos, na nosa fe, que resistamos como este castro, como este castiñeiro, as tormentas da vida, que nunca desconfiemos que Deus nos quere, que está con nos, que somos herdeiros dunha vida nova, da resurrección con Cristo”.

Posteriormente, reza *Un Painoso*, acompañado dos asistentes.

Esta segunda estación – segundo momento – remata, e a procesión inicia o seu retorno, baixando do castro a estrada e de aquí ao santuario.

TERCEIRA ESTACIÓN. O párroco, xa desde o adro, fai mención ao *Capítulo XV do evanxeo de San Xoán*, que alude a como na última cea, que mantivo Xesús cos seus apóstolos dixolles: *“ que vos amedes uns aos outros”*.

Logo, o párroco reza un misterio do Rosario, e a continuación da a bendición aos devotos asistentes, usando as seguintes fórmulas:

- *“O Señor vos bendice. O Señor vos garda. O Señor querevos. O Señor acompañavos. O Señor perdoavos. O Señor chamavos ao amor”. R / Amén.*

A bendición de Deus todopoderoso, Pai, Fillo, E. Santo....R/ Amén.

O párroco conclúe o acto dicindo *“ Feliz romería, que teñades un feliz regreso”*.

Antano, había fregueses, que levaban cabalos ao final da procesión, habendo algún ano máis de douscentos. No ano 2015, so houbo un cabalo.

Ademais da procesión de rogación, celébrase outra ao rematar a misa concelebrada das 13, 30. Esta percorre gran parte do adro do santuario e reviste a seguinte disposición en canto aos seus elementos: en primeiro termo, unha freguesa porta a cruz parroquial; nos seus flancos van dous rapaces da freguesía, levando dous candeeiros; logo, a advocación mariana do Carme, levada nas andas por mulleres da freguesía; a continuación, as dúas imaxes do San Adriano – grande e pequeno- portadas nas andas

por homes e mulleres; finalmente, os tres cregos concelebrantes; membros da orquestra; e os devotos, colocados sen distinción de idade e sexo. Hai devotos ofrecidos a levar as andas dalgunha imaxe de devoción, que adoitan sinalala con algún pano ou outro sinal.

*** RITUAIS DE CONTACTO.**

Dous fregueses de ambos os dous sexos son os encargados de “Poñer o Santo”. Así, con senllas imaxes pequenas do santo Adriano fan o sinal da cruz por riba da cabeza dos devotos e, logo, danlles a bicar as imaxes; mentres realizan o ritual, recitan unha xaculatoria, que varia do home con respecto á muller.

Xaculatoria que emprega a muller:

*“ Cristo vive, / Cristo reina, / Cristo che libre de todo mal. Amén/
San Adrián bendito / che dea a sanidá / che quite a enfermédá /
Polo poder que Dios ten / e a Virxen María. Amén/ “*

Xaculatoria que emprega o home:

*“ En el nombre del Padre / del Hijo / y del E. Santo. Amén
Por intención de San Adriano, mártir / nos libre de la enfermedad /
y le conceda la sanidad / Polo poder que Dios ten / e a Virgen María. Amén./*

Ademaís, hai devotos que tocas coas súas mans e panos as imaxes de devoción e, logo, pásanos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade profiláctica e sandadora.

2.3.2. OFRENDAS.

Os devotos, que acoden ao santuario, adoitan aportar esmola en metálico no intre de “poñer o santo”; no transcurso dalgunha das misas, que se ofician no recinto sacro; e, tamén, nalgunha das boetas, que se encontran no interior do templo.

Ademaís, soen traer “velóns” (cirios pequenos), que colocan acesos no chan e ao carón das imaxes de devoción. É unha das ofrendas básicas.

Asi mesmo, algúns fieis ofrécenlle ao santo figuras de cera, que simbolizan a figuras humanas, e que acostuman deixar nun retablo case valeiro de imaxes, situado no muro dereito. Tamén, hainos que traen ramos de flores para ornamentar as diferentes imaxes de devoción.

2.4. ILUSTRACIÓNS.



SANTUARIO DO SAN ADRIANO (LOURENZÁ)



RITUAL DE "POÑER O SANTO"



OS DOUS FREGUESES ENCARGADOS DE “POÑER O SANTO”



PROCESION ROGACIÓN. ACCEDENDO AO CASTRO



O PÁRROCO FALANDO DENDE O CUME DO CASTRO AOS DEVOTOS



ROGACIÓNS DO PÁRROCO DENDE O CUME DO CASTRO



A PROCESIÓN ROGACIÓN BAIXANDO DO CASTRO

FESTA - ROMARIA SAN ADRIANO

LOURENZÁ 2015



MARTES

16

XUÑO

PRIMEIRA MISA
ÁS 7 HORAS
ÁS 10 ROGACIÓN E A
CONTINUACIÓN MISA
ÁS 13:30 H.
MISA SOLEMNE E
PROCESIÓN
SESIÓN VERMÚ

LOS PLAYER'S

E ÁS 10 DA NOITE FESTA - VERBENA

LA NOCHE

DE O GROVE E

LOS PLAYER'S

ESPECTÁCULOS PRINCIPAL, S. L.

TELF. 677 062 665 - MONDOÑEDO (Lugo)

CONTRATE DIRECTAMENTE CON NÓS, AS SUAS FESTAS



RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DE DEVOCIÓN



OFRENDA DE "VELÓNS" ACESOS



RITUAL DE "POÑER O SANTO"



EXVOTOS DE CERA. FIGURAS HUMANAS DE CERA.



AO REMATAR A MISA CONCELEBRADA SAE A PROCESIÓN POLO ADRO DO SANTUARIO.



UNHA DAS MISAS QUE SE OFICIAN NO INTERIOR DO SANTUARIO



DIMENSIÓN PROFANA: A ORQUESTRA

3. PARROQUIA DO SANTO TOMÉ DE LOURENZÁ.

3.1. A FESTIVIDADE DO SAN ANTÓN.

3.1.1. LOCALIZACIÓN DO RECINTO SACRO.

* ECLESIAÍSTICA. Situado na freguesía do Santo Tome de Lourenzá, arciprestado de Lourenzá, diocese de Mondoñedo-Ferrol.

* CIVIL. Situado na parroquia do Santo Tomé de Lourenzá, concello de Lourenzá, e provincia de Lugo..

COORDENADAS U.T.M.

X: 638.585

Y: 4.810.618.

3.1.2. TRAZOS ARTÍSTICOS DO TEMPLO.

Trátase dun santuario, que se utiliza tamén como igrexa parroquial. Os seus inicios corresponden ao século XVI; no obstante contou con importantes reformas no século XVIII e, logo, en épocas posteriores. Consta dos seguintes elementos:

1º. Unha fachada, que ten na parte superior un gran frontispicio cunha imaxe en pedra do Santo apóstolo Tomás.

2º. Tres naves separadas por arcos semicirculares cunha cuberta de madeira.

3º. Unha capela maior cadrada do século XVI, que amosa unha bóveda de catro nervios apoiados en mensulas.

4º. Unha pequena espadana dun só van na parede dereita.

A nivel ornamental, o presbiterio mostra un retablo maior, renacentista, do século XVII (1667), con tres corpos de influencia corintia. Presenta as seguintes esculturas: a do

Santo Tomé, cun báculo na man dereita e un libro na esquerda; as de San Pedro e San Pablo, do século XVII; as da San Bieito e Santa Escolástica, do século XVII.

A nave lateral dereita, mostra un retablo barroco, do século XVIII, de influencia salomónica nas súas columnas; amosa só a escultura do San Antón. Nesta nave hai tamén outro retablo barroco dun só corpo, do século XVIII.

A nave lateral esquerda, presenta un sinxelo retablo barroco, que ten forman de camarín. Finalmente, na casa rectoral hai unha cruz procesional de prata, do século XVII ².

3.1.3. DEVOCIÓN POPULAR.

O segundo vernos, sábado e domingo de xullo conmemórase na parroquia de Santo Tomé a festividade do San Antón de Padua. Denantes, celebrábase o terceiro domingo de setembro, decidíndose o cambio hai uns cinco anos.

Tanto o sábado como domingo, varios cregos da comarca ofician unha misa solemne. Logo, as advocacións do San Antón e Santo Tomás saen en procesión ó redor da igrexa parroquial, levadas nas andas por fregueses da parroquia. Tamén, denantes da festividade realízase unha novena na honra do Santo.

Desde o punto de vista profano, o venres pola noite, hai unha pulpada para todos os veciños da parroquia e doutras comunidades. A continuación, celébrase unha verbena amenizada por dúas orquestras, ó igual que a do sábado, mentres que na do peche da festa só intervén unha.

Por outra banda, o 13 de xuño, festividade oficial do San Antón de Padua, lévase a cabo o que os fregueses denominan “rogación”. O párroco, acompañado dun bo número de fregueses, percorre o campo situado ao carón da igrexa, rezando o rosario. Logo, aínda que non hai presenza física de animais, imparte unha bendición simbólica ó gando. A continuación, oficia unha misa.

* No barrio de Oural, pertencente a mesma parroquia, celébrase a festividade do San Xosé Obreiro, o segundo sábado e domingo do mes de maio. Acoden devotos do “Val de Lourenzá” e de concellos limítrofes ofrecidos por doenzas humanas. Ó chegaren a

² SANTOS SAN CRISTÓBAL, **Sebastián.**: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas; t. III, 1980, páxs. 460-461.

capela, oen a misa solemne, participan na procesión e poñen o santo. O 19 de marzo, tamen, se oficia unha misa na capela deste barrio, adicada ó santo.

* En Canedo, outro barrio da mesma comunidade parroquial, festéxase, na segunda quincena de maio, a festividade da Virxen da O. Veñen devotos non só do concello de Lourenzá senón tamén doutros concellos limítrofes coa finalidade de pregar á Virxe polas súas doenzas. Participan nos diferentes rituais, que se levan a cabo na capela, como, a misa solemne, a procesión e a imposición do santo.

4. PARROQUIA DE SAN XURXO DE LOURENZÁ.

COORDENADAS U.T.M.

X: 637.911 Y: 4.812.311.

* Na parroquia do San Xurxo, conmemórase o 23 de abril, a festividade do Santo Patrón. Dende o punto de vista relixioso, oficiase unha misa solemne e, logo, sae a procesión que percorre o perímetro da igrexa parroquial. Á noitiña, unha orquestra ameniza unha verbena.

* Nesta mesma parroquia, o venres, sábado e domingo posteriores ó 2 de xullo, celébrase a festividade da Santa Isabel, para que non coincida coa Santa Isabel de Villamaior (Mondoñedo). Tanto o sábado como o domingo, os cregos da comarca ofician unha misa solemne e, logo, sacan a procesión ó redor da igrexa.

O venres, pola noite, faise unha churrascada para todos os veciños da parroquia e doutras comunidades. Logo, dúas orquestras encarganse de amenizar as verbenas do venres e sábado, mentres que na do domingo so participa unha.

* Por outra banda, no barrio do San Estevo, pertencente a esta parroquia, celébrase o 26 de decembro a festa deste santo, ó que acoden fieis de distintas freguesías do “Val de Lourenzá” e de concellos limítrofes., ofrecidos por doenzas humanas. Toman parte nos diferentes rituais, que se realizan no recinto sacro, como, a misa rezada, a procesión, e “poñer o santo”.

* Con respecto as festas profanas, podemos distinguir a do “Domingo de Piñata”, que é o remate das festas do Entroido. Antano, esta festa quedaba reducida a “bailes de salón” ou dalgunha entidade social. Non embargantes, nesta vila, tentase sacar a festa ó exterior como queda reflectido no desfile de disfraces e charangas, que percorre varias rúas da localidade.

* Por outra banda, o 1 de maio, celébrase na vila de Lourenzá a entrada do bo tempo e o renacer da natureza. Esta celebración, de longa existencia no concello, consistía en que os nenos e nenas adoitaban vestir a un deles con flores, ramallos e xestas e, logo, percorrían as rúas da localidade pedindo o aguinaldo e cantando a copla do maio.

No que atinxe aos tradicionais ritos do ciclo anual, en Vilanova de Lourenzá sobresa e hoxe en día, de novo, a celebración dos Maios, que exaltan a chegada do bo tempo e o renacer da natureza. Esta festa tiña noutrora fondas raiceiras no concello. Seguindo o modelo dos maios humanos, característicos do norte de Galicia, os nenos e nenas adoitaban vestir un rapaz con flores, ramallos e xestas, para percorreren con el as rúas da vila, pedindo o aguinaldo ao cantaren a copla do maio.

A partir do ano 1994, a festa acadou un novo pulo por iniciativa da asociación Merlín e mais o concello de Lourenzá, que incorporaron novos elementos á celebración, conseguindo así unha meirande participación da xente da vila.

No intre actual a conmemoración do maio está moi enraizada na localidade e nela toman parte as asociacións locais, os veciños e veciñas, que dende primeiras horas da mañá do día 1 de maio compoñen os elementos, que toman parte polas rúas da vila e que son.

1º. O MAIO. Representación simbólica dun rapaz, que vai ornamentado con xestas e levado por rapaces.

2º. A MADALENA. Representada por unha rapaza da vila ataviada con flores. É portada nun “carro moi enfeitado, tirado por un burro”.

3º. OS ARCOS. Están decorados con flores e son levados por rapazas.

Ademais, hai unha serie de actividades complementarias, como, “**A escenificación do baile do maio**”, que corre a cargo da “Asociación Osorio Gutiérrez.

Por outra banda a copla do maio que se emprega neste evento é a seguinte:

“Aí ven o maio coas súas flores

*aí ven a Madalena con outras mellores.
Levántate burro que tanto durmiche
que xa pasou o maio e ti non o viches”*

Así mesmo, nesta festa danse certas actividades complementarias, como a execución do baile do maio, a cargo da asociación «Osorio Gutiérrez», e repártese o doce de maio coa colaboración dalgunha pastelería da vila.



REPRESENTACIÓN DO MAIO



REPRESENTACIÓN DA MADALENA NUN CARRO MOI ORNAMENTADO



O MAIO E A MADALENA PERCORRENDO AS RÚAS DE LOURENZÁ

V. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS ANTROPOLÓXICAS SOBRE AS FESTIVIDADES DO “VAL DE LOURENZÁ”

O “Conde Santo”, malia estar relacionado cunha comunidade parroquial, tivo nos seus inicios un importante territorio de graza de cara ó exterior debido as curacións e arranxos de problemas, que levaba a cabo. Non embargantes, a súa área de influencia foi decrecendo ata quedar reducida actualmente ó concello de Lourenzá e algúns municipios colindantes do interior e da mariña.

Este descenso debeuse probablemente a que nesa área apareceron novos santuarios adicados a distintas advocacións de Cristo, da Virxe e doutros santos, o que deu lugar a que moitas persoas acudisen a outros recintos sacros máis próximos coa finalidade de buscar solución ós seus problemas.

Nun principio os milagres do “Conde Santo” transmitíronse por medio dos monxes beneditinos, rectores do santuario; co paso dos anos os fieis do “Conde Santo” encargáronse de dar a coñecer o seu poder benefactor entre outros coñecidos e devotos.

En todos estes milagres o sartego é o obxecto fundamental sobre o que o “Conde” proxecta a súa sacralidade. Polo tanto, compre que os fieis se impregnen da mesma, tocando o sarcófago ou metendo un dos seus dedos nun oco, situado na parte inferior dereita, como medio para sandar doenzas ou solucionar diferentes problemas.

O milagre pode chegar a ser, segundo *A. Muñoz*, a concreción positiva dun acto de fe polo que se vincula o beneficiario dunha gracia cunha imaxe de devoción. Na maioría dos portentos non faltan as referencias básicas, como poden ser, a persoa beneficiada, a descrición da doenza ou problema e as condicións da concesión.

Así mesmo, a festa da faba, de recente creación para exaltar un produto gastronómico, posúe, tamén, unha área de influencia maior que a do “Conde Santo”, xa que abrangue máis espazo do interior e da mariña.

Ademais, as persoas que concorren a este evento veñen só co propósito de mercar algúns produtos e pasar algunhas horas de lecer.

De todos os xeitos, entrambalas dúas festividades hai uns elementos comúns vinculados coas dimensións identitaria e profana. Tanto o “Conde Santo” como o produto gastronómico da faba constitúen actualmente relevantes símbolos locais, que serven para expresar unha identidade comunitaria. Segundo *Lisón Tolosana*, ámbalas dúas actúan como paradigma da virtude e da moral, propiciando un sentido cívico comunitario, que queda reflectido en momentos de crise da comunidade como doenzas, defuncións e topo tipo de problemas que poidan afectar á comunidade parroquial no seu conxunto.

Por outra banda, tanto na vila de Lourenzá como nas parroquias de Santo Tomé e San Xurxo, hai festas nos barrios da Cazolga (Lourenza), Canedo e Oural (Santo Tomé) e Santo Estevo (San Xurxo). Pois ben, as festas de barrio – segundo González Reboredo- convértense nun referente importante de identidade inmediata contando cun santo que recibe veneración nunca capela. As festas de aldeas, barrios, lugares... son unha imitación das parroquias, xa que amosan unha dimensión relixiosa, reflectida na misa solemne e procesión, e outra profana, expresada por medio do baile.

VI. BIBLIOGRAFÍA.

BLANCO, J., M.^a del Mar DÍAZ, e T. SALDAÑA: *Fiestas gastronómicas*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2004 (Galicia en guías, núm. 5).

CASALDERREY, F., e M. GARCÍA: *Festas gastronómicas de Galicia*, Vigo, Xerais, 1995².

FLÓREZ, Fr. E.: *La España sagrada. Teatro geographico-histórico de la Iglesia de España. Origen, divisiones y límites de todas sus provincias. Antigüedad, translaciones y estado antiguo y presente de sus sillas, con varias disertaciones críticas*, Madrid, 1974;
t. XVIII.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1997.

LENCE-SANTAR Y GUITIÁN, E.: «Villanueva de Lorenzana (I- El Monasterio y II- El

Conde Santo)», en I. FERNÁNDEZ VILLALBA (comp.): *Mondoñedo. Regreso al Pasado IV*, Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 2002.

LÓPEZ GONZÁLEZ, X., e M. ROMÁN RAMOS: *Vivir unha vida. Francisco Fernández del Riego*, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2001.

LÓPEZ NOCEDAL, M. J.: *Aportacións á cultura popular de Lourenzá* (inédito).

OTERO GARCÍA, C.: «Lourenzá», en *Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia, 1993.

SANTOS SAN CRISTÓBAL, S.: «Lorenzana (Vilanova)», en *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, Madrid, Ministerio de Cultura - Centro Nacional de Información Artística y Arqueológica, 1980; t. III.

— *El Monasterio de San Salvador de Lorenzana*, Mondoñedo, Sucesor de Mancebo, 2000.